

## **Dirección Xeral de Formación Profesional**

### **Admisión Formación Profesional 2023-2024**

- Réxime ordinario
- Réxime para as persoas adultas
- FP dual
- Cursos de especialización

### **Instrucións para solicitantes con titulacións obtidas fóra de España**

## Índice

---

1	Introdución.....	3
2	Dispoñer da homologación do título estranxeiro.....	3
3	Non dispoñer da homologación do título estranxeiro.....	3
	3.1 Documento Oficial de Identidade (DOI).....	4
	3.2 Solicitude de homologación e/ou validación de títulos e estudos estranxeiros de ensinanzas non universitarias (Anexo I).....	4
	3.3 Declaración responsable para a inscrición condicionada en centro docente e/ou exame oficial (Anexo III).....	4
	3.4 Resgardo do pagamento da taxa.....	8
4	4 Normativa.....	9

## 1 Introducción

---

Todas aquelas persoas que obtiveran unha titulación fóra do estado español e queiran continuar os seus estudos en España deberán ter unha homologación do seu título estranxeiro polo correspondente español.

Poden producirse dúas situacións:

- A persoa, cando fai a solicitude de admisión para ciclos formativos ou a matrícula naqueles ciclos liberados nos que haxa prazas vacantes, xa ten a homologación dos estudos concedida.
- A persoa aínda non dispón da homologación de estudos.

Para isto é importante ter en conta o establecido na Orde do 9 de xullo de 2018 reguladora do procedemento de homologación e/ou validación de títulos e estudos estranxeiros de ensinanzas non universitarias.

En ambos os dous casos, para poder solicitar a admisión a ciclos formativos de grao medio ou de grao superior, ou de ser o caso, a matrícula en ciclos formativos liberados, deberanse seguir unha serie de pasos establecidos na Orde do 15 de xullo de 2016 pola que se regula o procedemento de admisión do alumnado para cursar ciclos formativos de formación profesional de grao medio e de grao superior en réxime ordinario e para persoas adultas.

## 2 Dispoñer da homologación do título estranxeiro

---

Aquelas persoas que xa solicitaran e obtiveran a homologación do seu título e queiran cursar estudos de Formación Profesional no estado español deberán presentar a seguinte documentación nun centro educativo no prazo establecido para a solicitude en ciclos formativos ou para a matrícula en ciclos liberados:

- O Documento Oficial de Identidade.
- A homologación do título.
- Solicitude para o proceso de admisión en ciclo medio ou superior.

## 3 Non dispoñer da homologación do título estranxeiro

---

A persoa que desexe presentar a solicitude de admisión en ciclos formativos de grao medio ou grao superior ou a matrícula para ciclos liberados deberá presentar a seguinte documentación no prazo correspondente (non é posible participar en cursos de especialización):

- O Documento Oficial de Identidade.
- Solicitude de homologación e/ou validación de títulos e estudos estranxeiros de ensinanzas non universitarias (Anexo I da Orde reguladora do procedemento de homologación) co selo de rexistro de entrada.
- Declaración responsable para inscrición condicionada en centro docente e/ou exame oficial (Anexo III da Orde reguladora do procedemento de homologación) co selo de rexistro de entrada.

- Resgardo de pagamento da taxa de solicitude de homologación (excepto para a o título de graduado en educación secundaria obrigatoria).

### 3.1 Documento Oficial de Identidade (DOI)

Para a solicitude de admisión en ciclos formativos de grao medio ou superior ou para a matrícula en ciclos liberados a persoa deberá entregar: o Documento Nacional de Identidade (DNI), de non estar en posesión do mesmo, o Número de Identidade de Estranxeiros (NIE), e en último caso, de non posuír ningún dos anteriores, o pasaporte.

Lembre que vincular unha homologación ou titulación a un pasaporte supón a perda de validez cada vez que cambie o número de pasaporte.

### 3.2 Solicitude de homologación e/ou validación de títulos e estudos estranxeiros de ensinanzas non universitarias (Anexo I)

Neste caso deberá ter especial coidado á hora de cubrir o anexo, xa que é imprescindible que os datos que figuran no DOI coincidan estritamente cos achegados na solicitude de homologación.

Por exemplo, debe asegurarse de que coinciden o número do DOI, nome completo, todas as letras, ou situacións similares.

**XUNTA DE GALICIA** ANEXO I  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

PROCEDEMENTO HOMOLOGACIÓN E/OU VALIDACIÓN DE TÍTULOS E ESTUDOS ESTRANXEIROS DE ENSIANZAS NON UNIVERSITARIAS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>ED434A</b>	DOCUMENTO SOLICITUDE
DATOS DA PERSOA SOLICITANTE		
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/>
PARROQUIA	LUGAR	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	
CP	PROVINCIA	CONCELLO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
DATA DE NACEMENTO	SEXO	
<input type="text"/>	<input type="radio"/> FEMININO <input type="radio"/> MASCULINO	

### 3.3 Declaración responsable para a inscrición condicionada en centro docente e/ou exame oficial (Anexo III)

Para facer posible a inscrición condicional en ciclos formativos, as persoas que presenten solicitudes de homologación deberán entregar conxuntamente esta declaración responsable. Este documento produce os efectos da homologación, pero de xeito condicionado. Se a resolución definitiva denega a homologación solicitada quedarán sen efecto os resultados dos estudos realizados.

Se fora necesario variar algún dato deste anexo non se poderá modificar o impreso inicial, senón que se ten que cubrir un anexo novo e entregalo novamente no rexistro.



Deberá terse especial coidado á hora de cubrir o **anexo**, xa que é imprescindible que os **datos** que figuran no **DOI coincidan** estritamente **cos** reflectidos na **declaración responsable**.



DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA INSCRIPCIÓN CONDICIONADA EN CENTRO DOCENTE E/OU EXAMEN OFICIAL

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF/PASAPORTE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

E, NA SÚA REPRESENTACION

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS ESPECÍFICOS PROCEDEMENTO (cubrir só en caso de presentación separada da solicitude)

CÓDIGO DA SOLICITUDE: ED434A	ÓRGANO RESPONSABLE: DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS
NÚMERO DE REXISTRO DE ENTRADA DA SOLICITUDE	NÚMERO DE EXPEDIENTE (se se dispón del)
<input type="text"/>	<input type="text"/>

DECLARACIÓN RESPONSABLE DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

<input type="checkbox"/> Que presente solicitude de homologación do título estranxeiro que indico:
<input type="checkbox"/> Que presente solicitude de convalidación dos estudos realizados no estranxeiro que identifico:
Que formalizo a presente declaración para a inscrición condicionada:
<input type="checkbox"/> No centro docente, estudos e curso escolar que indico:
<input type="checkbox"/> No exame oficial que indico:
<b>NOTA:</b> a persoa interesada deberá matricularse no centro docente e/ou exame oficial no prazo máximo de seis (6) meses desde a data de presentación da declaración responsable, que manterá a súa vixencia unicamente durante o curso académico en que se realice, ata a data da sinatura da acta de avaliación final. Se transcorridos estes prazos aínda non se resolverse de forma expresa o procedemento de homologación ou validación por causas non imputables á persoa solicitante, poderá presentar unha nova declaración responsable que terá unha vixencia máxima dun curso académico.



Esta declaración responsable tamén poderá presentarse separada da solicitude de homologación. **Neste caso terá que cubrir o apartado de “Datos específicos do procedemento”**, co correspondente número de rexistro de entrada da solicitude de homologación e o número de expediente.



DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA INSCRIPCIÓN CONDICIONADA EN CENTRO DOCENTE E/OU EXAMEN OFICIAL

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF/PASAPORTE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS ESPECÍFICOS PROCEDEMENTO (cubrir só en caso de presentación separada da solicitude)	
CÓDIGO DA SOLICITUDE: ED434A	ÓRGANO RESPONSABLE: DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS
NÚMERO DE REGISTRO DE ENTRADA DA SOLICITUDE <input type="text"/>	NÚMERO DE EXPEDIENTE (se se dispón del) <input type="text"/>

DECLARACIÓN RESPONSABLE DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE
<input type="checkbox"/> Que presente solicitude de homologación do título estranxeiro que indico:
<input type="checkbox"/> Que presente solicitude de convalidación dos estudos realizados no estranxeiro que identifico:
Que formalizo a presente declaración para a inscrición condicionada:
<input type="checkbox"/> No centro docente, estudos e curso escolar que indico:
<input type="checkbox"/> No exame oficial que indico:
<b>NOTA:</b> a persoa interesada deberá matricularse no centro docente e/ou exame oficial no prazo máximo de seis (6) meses desde a data de presentación da declaración responsable, que manterá a súa vixencia unicamente durante o curso académico en que se realice, ata a data da sinatura da acta de avaliación final. Se transcorridos estes prazos aínda non se resolve de forma expresa o procedemento de homologación ou validación por causas non imputables á persoa solicitante, poderá presentar unha nova declaración responsable que terá unha vixencia máxima dun curso académico.

No apartado de “**Declaración responsable da persoa solicitante ou representante**” deberá cubrir os seguintes datos:

- Titulación que se desexa homologar en España conforme á documentación presentada do país de orixe (por exemplo, Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, etc.)



**DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA INSCRIPCIÓN CONDICIONADA EN CENTRO DOCENTE E/OU EXAMEN OFICIAL**

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF/PASAPORTE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS ESPECÍFICOS PROCEDEMENTO (cubrir só en caso de presentación separada da solicitude)	
CÓDIGO DA SOLICITUDE: ED434A	ÓRGANO RESPONSABLE: DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS
NÚMERO DE REXISTRO DE ENTRADA DA SOLICITUDE	NÚMERO DE EXPEDIENTE (se se dispón del)
<input type="text"/>	<input type="text"/>

DECLARACIÓN RESPONSABLE DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE	
<input type="checkbox"/>	Que presentei solicitude de homologación do título estranxeiro que indico:
<input type="checkbox"/>	Que presentei solicitude de convalidación dos estudos realizados no estranxeiro que indico:
Que formalizo a presente declaración para a inscrición condicionada:	
<input type="checkbox"/>	No centro docente, estudos e curso escolar que indico:
<input type="checkbox"/>	No exame oficial que indico:
<p><b>NOTA:</b> a persoa interesada deberá matricularse no centro docente e/ou exame oficial no prazo máximo de seis (6) meses desde a data de presentación da declaración responsable, que manterá a súa vixencia unicamente durante o curso académico en que se realice, ata a data da sinatura da acta de avaliación final. Se transcorridos estes prazos aínda non se resolvese de forma expresa o procedemento de homologación ou validación por causas non imputables á persoa solicitante, poderá presentar unha nova declaración responsable que terá unha vixencia máxima dun curso académico.</p>	



- As ensinanzas nas que se desexa inscribir, concretando especificamente aquilo que se quere cursar (por exemplo, Formación Profesional, Bacharelato, etc.).
  - **No caso de querer participar no proceso de admisión a ciclos formativos de FP deberá consignarse “Formación Profesional”.**
  - É necesario indicar os estudos que se desexan cursar, xa que esta inscrición condicionada só se aplicará para os que figuran no impreso. Por exemplo, se a persoa indica Formación Profesional unicamente, tan só poderá solicitar ou matricularse nesta ensinanza, e en ningunha máis. En caso de que quixera cursar Bacharelato tería que enviar solicitude de modificación deste Anexo III.



DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA INSCRICIÓN CONDICIONADA EN CENTRO DOCENTE E/OU EXAMEN OFICIAL

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF/PASAPORTE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS ESPECÍFICOS PROCEDIMENTO (cobrir só en caso de presentación separada da solicitude)	
CÓDIGO DA SOLICITUDE: ED434A	ÓRGANO RESPONSABLE: DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS
NÚMERO DE REGISTRO DE ENTRADA DA SOLICITUDE	NÚMERO DE EXPEDIENTE (se se dispón del)
<input type="text"/>	<input type="text"/>

DECLARACIÓN RESPONSABLE DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE
<input type="checkbox"/> Que presente solicitude de homologación do título estranxeiro que indico:
<input type="checkbox"/> Que presente solicitude de convalidación dos estudos realizados no estranxeiro que identifico:
Que firmo a presente declaración para a inscrición condicionada:
<input type="checkbox"/> No centro docente, estudos e curso escolar que indico:
<input type="checkbox"/> No exame oficial que indico:
<b>NOTA:</b> a persoa interesada deberá matricularse no centro docente e/ou exame oficial no prazo máximo de seis (6) meses desde a data de presentación da declaración responsable, que manterá a súa vixencia unicamente durante o curso académico en que se realice, ata a data da sinatura da acta de avaliación final. Se transcorridos estes prazos aínda non se resolvese de forma expresa o procedemento de homologación ou validación por causas non imputables á persoa solicitante, poderá presentar unha nova declaración responsable que terá unha vixencia máxima dun curso académico.

### 3.4 Resguardo do pagamento da taxa

Todas as persoas, agás para o título de graduado/a en Educación Secundaria Obrigatoria, teñen que entregar a copia cotexada que xustifique o aboamento das taxas para a solicitude de homologación de títulos estranxeiros.



## 4 4 Normativa

---

A norma que regula o procedemento de homologación e/ou validación de títulos e estudos estranxeiros de ensinanzas non universitarias é a seguinte:

- [Orde do 9 de xullo de 2018](#), reguladora do procedemento de homologación e/ou validación de títulos e estudos estranxeiros de ensinanzas non universitarias.
- [Orde do 15 de xuño de 2016](#) pola que se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos para impartir ciclos formativos de formación profesional de grao medio e de grao superior en réxime ordinario e para as persoas adultas.